

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 23 DE SETEMBRO DE 2021, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción Fomento da mobilidade sustentable. Itinerario peonil e ciclista na AC-213 na Telva puntos quilométricos 1+840-2+340), de clave: AC/20/009.06.1, nos concellos de Cambre e Culleredo (A Coruña).

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se ordena a interposición de recurso contencioso-administrativo contra a Orde TED/980/2021, do 20 de setembro, pola que se modifica o anexo do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Catedral de Santiago para a mellora da atención aos peregrinos e visitantes, por importe total de cincuenta e cinco mil novecentos cincuenta e nove euros con vinte e oito céntimos (55.959,28€).

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se declara iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de ampliación da industria conserveira en Ribeira (A Coruña) promovido por Ignacio González Montes, S.A.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a remisión ao Consello de Contas e ao Parlamento de Galicia da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2020.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Vedra para o saneamento das parroquias de San Mamede e Santa Cruz. Fase III. Concello de Vedra (A Coruña), por importe dun millón trescentos vinte e cinco mil euros (1.325.000,00 €), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Oia para a execución da actuación Mellora do comportamento hidráulico do río Viladesuso. Fase 2. Oia (Pontevedra), por importe de trescentos setenta e cinco mil euros (375.000,00 €), cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80 %, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Portomarín para a execución das obras do proxecto denominado Mellora do abastecemento ao núcleo de León. Portomarín (Lugo), por importe de trescentos sesenta e oito mil cento vinte e oito euros con vinte e cinco céntimos (368.128,25€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais, a Asociación Galega de Orquestras (AGO) e a Asociación de Empresarios da Música da Verbena (Asevega) para o desenvolvemento de verbenas, festas populares ou eventos con actuacións de orquestras no ano 2021, por importe de oitocentos corenta mil euros (840.000,00€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o expediente de contratación do proxecto, execución e dirección facultativa da reforma da unidade de coidados intensivos (UCI) no Hospital Universitario de Ourense, por un importe total de licitación de nove millóns

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

catrocentos corenta e un mil oitocentos sesenta e oito euros con trinta e oito céntimos (9.441.868,38€) con 21 % IVE e un valor estimado de sete millóns oitocentos tres mil cento noventa e sete euros con un céntimo (7.803.197,01 €) sen IVE, e cun prazo de execución de 21 meses.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre o balance das axudas para prevención de danos ocasionados polo lobo.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Informe sobre o Bono Cultural.

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Informe sobre a concesión de axudas para o financiamento do Plan de formación para o emprego para persoas traballadoras ocupadas para os exercicios 2021-2022 e do Plan de formación para o emprego para persoas traballadoras desempregadas para os exercicios 2021-2022.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre as demandas de Galicia ante o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde en materia de atención primaria.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o inicio do curso 2021/22 na rede de escolas infantís 0-3 de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a análise de zonas prioritarias de actuación para a recuperación de soutos tradicionais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR UN ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-213 NA TELVA, NOS CONCELLOS DE CAMBRE E DE CULLEREDO

- Esta actuación de fomento da mobilidade sustentable e mellora da seguridade viaria suporá un investimento da Xunta de case 380.000€, incluído o pagamento dos 11 predios que cómpre afectar
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará no último trimestre do ano o levantamento das actas previas, para poder licitar as obras a finais de ano ou principios de 2022
- Executaranse dúas sendas diferentes e complementarias na marxe da vía autonómica, cunha lonxitude total de 680 metros: 540 na estrada AC-213 e 140 metros no ramal ao polígono de Alvedro
- Un dos itinerarios será peonil e comprenderá o tramo que une o núcleo do Burgo e o dos Campóns, onde a estrada autonómica enlaza coa provincial
- O outro tramo, con carril bici, discorrerá en paralelo ao río Mero ata A Telva, continuando pola senda actual no polígono de Alvedro ata estrada N-550
- O Goberno galego mantén o seu compromiso de habilitar nas estradas da súa titularidade, itinerarios peonís seguros, sustentables e integrados na paisaxe

O Consello da Xunta autorizou hoxe a declaración da utilidade pública pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para a construción dun itinerario peonil e ciclista na estrada autonómica AC-213 na Telva, nos concellos de Cambre e de Culleredo.

O Goberno galego investirá case 380.000 euros nesta actuación de fomento da mobilidade sustentable e mellora da seguridade viaria, incluído o pagamento dos 11 predios precisos para a súa execución.

O proxecto ten como obxectivo a execución dunha senda de 680 metros de lonxitude na marxe da vía autonómica: 540 metros na AC-213 e 140 metros no ramal ao polígono de Alvedro.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento das actas previas no cuarto trimestre do ano, coa previsión de poder licitar as obras a finais de 2021 ou principios de 2022. Os traballos contan cun prazo de execución de oito meses.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A actuación deseñada polo departamento de Infraestruturas da Xunta consiste na execución dunha senda, que se desenvolve entre os puntos quilométricos 1+840 e 2+34, de modo que se complementen dous itinerarios diferentes.

En concreto, o primeiro itinerario será peonil e correspóndese co tramo que une o núcleo do Burgo e dos Campóns, onde a estrada autonómica enlaza coa provincial DP-1702.

O outro itinerario, que parte tamén do Burgo, discorre en paralelo ao río Mero ata A Telva, continuando pola senda existente no polígono de Alvedro ata a estrada N-550. Neste tramo do Burgo á Telva, con alta afluencia de ciclistas, a actuación proxectada prevé dotar a senda dun carril bici de solo estabilizado, dando así continuidade a ese itinerario.

No que se refire ao deseño, a actuación formúlase como unha senda de 2 metros de anchura, con carril bici naquelas zonas que dan continuidade ao itinerario ciclista.

O Goberno galego segue dando cumprimento ao seu compromiso de habilitar, nas estradas da súa titularidade, itinerarios peonís seguros, sustentables e integrados na paisaxe.

Ámbito da actuación proxectada:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS




Sección tipo con carril – bici:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SUMA 4,6 M€ EN AXUDAS PARA PREVENCIÓN E INDEMNIZACIÓN POR DANOS DO LOBO DESDE 2016

- A Consellería de Medio Ambiente atenderá a práctica totalidade de solicitudes na convocatoria de 2021 para medidas preventivas ante o escenario de incerteza provocado pola publicación da orde ministerial de protección da especie
- A partir de agora, o Plan de xestión galego deixa de estar en vigor e, polo tanto, a Xunta carece de seguridade xurídica para garantir a asunción dos custos
- O Consello autoriza a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta a interpoñer un recurso ante os tribunais fronte á orde e a petición de medidas cautelares

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda destinou nos últimos seis anos unha parte importante do seu orzamento, 4,6 millóns de euros, a liñas de axudas para adquisición e instalación de medidas preventivas fronte aos danos que o lobo ibérico ocasiona sobre as explotacións agrogandeiras –2,1 millóns de euros–, así como para indemnizacións –2,5 millóns de euros–.

No caso das convocatorias para prevención, destináronse para este fin 150.000 euros en 2016; 180.000 € en 2017; 200.000 € en 2019; e 678.320,28 € en 2020, un ano no que se destinou un crédito como axuda directa extraordinaria para aquelas solicitudes non atendidas por esgotamento de crédito do ano anterior.

Mentres, o orzamento consignado na convocatoria deste ano 2021 foi de 300.000 euros, dos cales 200.000 euros estaba previsto destinalos para a adquisición de cans protectores e defensores do gando, pastores eléctricos e cerrumes móbiles de malla electrificada, e 100.000 euros para a adquisición e instalación de valados fixos.

Do total de solicitudes recibidas, algo máis de 900 cumpren cos requisitos establecidos nas bases da convocatoria, pero co crédito consignado só se podería facer fronte a un terzo delas, quedando o resto de posibles beneficiarios sen poder percibir estas axudas por insuficiencia de crédito orzamentario.

Para atender á práctica totalidade das solicitudes da convocatoria de 2021, a Xunta de Galicia decidiu ampliar o crédito orzamentario en máis de 600.000 euros e, así mesmo, tal e como publica hoxe o *Diario Oficial de Galicia*, amplía o prazo para a xustificación dos gastos ata o 26 de novembro –inicialmente remataba o 9 de outubro–. Deste xeito, con máis de 900.000 euros, multiplícase por seis o orzamento contemplado en 2016.

Cabe salientar que, segundos os datos provisionais da Consellería, no período que contempla a orde –desde o 1 de outubro de 2020 ata o vindeiro 30 de setembro–

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

producíronse en Galicia 1.167 avisos por danos de lobo e 2.024 reses se viron afectadas. En total, desde 2016 ata a actualidade houbo 7.217 avisos que corresponden a máis de 12.815 reses.

Escenario de incerteza coa orde ministerial

A Consellería de Medio Ambiente fai con esta ampliación un esforzo orzamentario para os efectos de que ningún solicitante que cumpra os requisitos quede sen subvención nun escenario que, desde esta mesma semana, se presenta incerto e inseguro xuridicamente, a raíz da publicación no *Boletín Oficial del Estado* da orde ministerial do Goberno central que eleva o status legal de protección da especie mediante a súa inclusión na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial (Lesrpe).

Isto ocorre porque a inclusión do lobo na Lesrpe provoca que decaia o Plan de xestión desta especie na Comunidade e, polo tanto, todo o sistema de axudas autonómicas previstas nel.

Así, o Plan de xestión autonómico deixa de estar en vigor en canto que se aprobou en 2009 para os efectos de manter o estado favorable de conservación do lobo na nosa Comunidade, premisa que queda xa sen efecto ao establecer a orde ministerial que o devandito estado é desfavorable en toda España —polo tanto, tamén en Galicia—.

Tanto a Administración galega como as administracións das comunidades autónomas veciñas do norte de España fixeron nos últimos anos un grande esforzo de medios persoais e económicos en minorar na medida do posible o conflito social asociado ao nivel de danos ocasionados pola especie.

En cambio, a orde publicada esta semana polo Ministerio para a Transición Ecolóxica sinala que a norma “non contén ningunha carga administrativa e non suporá o incremento dos recursos humanos e económicos dispoñibles pola Administración xeral do Estado”, algo que resulta inadmisibile desde o punto de vista de Galicia.

Así, a Xunta considera que o Goberno central non avaliou nin ponderou adecuadamente as repercusións económicas e as consecuencias que o cambio no status legal da especie ocasionarán na actividade agrogandeira.

De feito, o propio Consello de Estado sinalou ao Ministerio no seu ditame que a orde explicitamente requiría que se concretasen estas cuestións: “Trátase dun efecto relevante do proxecto que deberá ter sido en conta na memoria polas consecuencias que previsiblemente terá para administracións públicas (impacto orzamentario) e para o sector gandeiro (impacto económico)”.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Polo tanto, ante este novo escenario, a Consellería de Medio Ambiente carece de seguridade xurídica para garantir a asunción dos custos derivados polos danos do lobo, que ademais se verán previsiblemente incrementados ao romper o Goberno central o equilibrio alcanzado na aplicación das distintas ferramentas durante estes anos de dilatada experiencia na xestión da especie.

Autorización dun recurso fronte á orde

Por outra banda, o Consello autorizou hoxe a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta para interpoñer un recurso ante os tribunais fronte á orde ministerial pola que se inclúe o lobo ibérico na Lesrpe.

No propio recurso inclúese a petición de que se adopten medidas cautelares de suspensión que paralicen súa eficacia ata que haxa un pronunciamento final da xustiza.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA A PARTIDA DESTINADA AO CENTRO INTERNACIONAL DE ACOLLIDA AOS PEREGRINOS DEBIDO AO AUMENTO DE NÚMERO DE VIAXEIROS

Coa subscripción da addenda ao convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Catedral de Santiago, o Goberno galego destina máis de 200.000 euros a garantir a mellor das acollidas posibles aos peregrinos que chegan á meta en Compostela

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre Vicepresidencia Primeira, a través da Axencia de Turismo de Galicia, e a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela para a mellora da atención aos peregrinos e visitantes no Centro Internacional de Acollida aos Peregrinos. O obxectivo desta addenda é a ampliación do crédito destinado a colaborar nos gastos de funcionamento do Centro de Acollida que depende directamente da Catedral en 55.959,28 euros. Con esta ampliación de crédito o Goberno galego destina a este obxectivo un importe total de 218.023,90 euros neste ano 2021.

A ampliación do crédito responde á necesidade de dar unha adecuada atención aos peregrinos que chegan ao Centro recoller a súa Compostela. A progresiva recuperación do fluxo de camiñantes experimentando desde o pasado mes e xuño en todas as rutas de peregrinación, con medias de máis dun milleiro de peregrinos diarios, fai preciso incrementar a contratación de persoal da Oficina do Peregrino para axilizar a atención e evitar aglomeracións. De feito, a Xunta mantén o obxectivo de alcanzar as 140.000 Compostelas seladas neste ano e acadar esa cifra xa o vindeiro mes de outubro.

Trátase, en definitiva, de mellorar a experiencia dos peregrinos ao remate do Camiño, evitando esperas e ofrecendo unha atención adecuada para que a acollida en Santiago supoña o mellor colofón ao final do Camiño.

O convenio, activo desde 2014, está destinado tanto aos gastos derivados do persoal que atende o centro como tamén a sufragar os derivados das subministracións (electricidade, calefacción, seguros...), os servizos xerais de limpeza e mantemento dos espazos de atención e os gastos de persoal da oficina.

Cómpre lembrar que o Centro Internacional de Acollida ao Peregrino concentra todos os servizos de atención relacionados co Camiño de Santiago: a Oficina do Peregrino, onde se obtén a Compostela; o punto de acollida aos peregrinos, a capela e espazo para actos, ademais dun punto de información do Camiño, un espazo para as asociacións xacobeas,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

biblioteca e un punto onde se implantará o futuro Centro de Documentación do Camiño de Santiago.

Con este novo apoio do Goberno galego, a Xunta segue a garantir a mellor das acollidas posibles aos peregrinos que chegan a Santiago no marco do cumprimento do Plan estratéxico para o Camiño de Santiago 2015-2021 que establece a necesidade de fortalecer a cidade de Santiago de Compostela como meta da ruta Xacobeá, optimizando as súas infraestruturas e mellorando os servizos de atención ao peregrino na cidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA INICIATIVA EMPRESARIAL PRIORITARIA A AMPLIACIÓN DA CONSERVEIRA IGNACIO GONZÁLEZ MONTES DE RIBEIRA, O QUE REDUCE Á METADE O PRAZO DE TRAMITACION DO PROXECTO

- A empresa prevé investir 9,5 millóns de euros e crear 35 postos de traballo, o 90 % deles para mulleres da comarca da Barbanza
- Esta proposta integra as actividades de acondicionamento e loxística nunha única localización, mellorando a eficiencia, os custos e a competitividade da compañía, ao tempo que se potencia a economía circular e se mellora a xestión dos residuos e da auga
- Esta declaración enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa, que busca potenciar a captación de investimentos e a creación de emprego de calidade, mantendo todas as garantías xurídicas durante a tramitación do proxecto

O Consello da Xunta declarou hoxe como iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de ampliación da conserveira Ignacio González Montes, que ten por obxectivo dotar da infraestrutura necesaria a planta de Couso (Ribeira), mellorando así a capacidade de almacenamento de materias primas e os procesos produtivos de cara ao seu crecemento futuro.

Esta declaración enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa, que supón, na práctica, a redución á metade dos prazos de tramitación para levar a cabo un proxecto, mantendo ao mesmo tempo todas as garantías xurídicas durante o procedemento. Así, poténciase a captación de investimentos para Galicia e a creación de emprego de calidade.

Neste caso concreto, pode facilitar o desenvolvemento dunha iniciativa que suporá a creación de 35 postos de traballo directos, o 90 % deles para mulleres da comarca da Barbanza, favorecendo así o emprego feminino e impulsando a igualdade e a cohesión social e territorial. Ademais, mobilizaranse investimentos por valor de 9,5 millóns de euros, dándose ademais prioridade, no proceso de contratación, a provedores galegos e da zona de destino do investimento.

Así, con esta actuación que agora se axiliza, a conserveira poderá integrar as actividades de acondicionamento e loxística nunha única localización, mellorando a eficiencia, os custos e a súa competitividade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste sentido, a ampliación da planta contribuirá á redución de gases de efecto invernadoiro, xa que están proxectadas medidas de eficiencia enerxética térmicas, a instalación de paneis fotovoltaicos, e a substitución de caldeiras de fuel por gas natural. Deste xeito, e de modo simultáneo, poténciase a economía circular e a mellora da xestión dos residuos e da auga.

O proxecto enmárcase entre as primeiras iniciativas empresariais prioritarias de Galicia, tras as declaradas polo propio Consello da Xunta para as iniciativas de Hijos de Carlos Albo e Aluminios Cortizo. Polo tanto, esta figura busca potenciar novas oportunidades empresariais e laborais en Galicia con máis simplificación administrativa, máis incentivos fiscais ás empresas e máis facilidades para acceder ao solo empresarial.

A declaración de proxectos empresariais como prioritarios implica a concorrencia de razóns de interese público para tramitar de maneira urxente os procedementos administrativos, e implica o seguimento e impulso dos trámites posteriores necesarios a través da oficina *Doing Business*, creada pola Xunta de Galicia para contribuír á eliminación de obstáculos e barreiras á actividade empresarial.

Neste marco, a ampliación das instalacións de Ignacio González Montes contribuirá a consolidar un sector estratéxico para Galicia, supoñendo un efecto tractor na economía. Ademais, o proxecto axuda a impulsar unha industria orientada a dar maior valor engadido aos sectores tradicionais e con alto potencial de crecemento, imprescindibles para ser competitivos no modelo económico global.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A CONTA XERAL RATIFICA QUE EN 2020 GALICIA GASTOU TODO O NECESARIO PARA LOITAR CONTRA A PANDEMIA E MANTIVO O SEU COMPROMISO COA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

- O ano pasado a Xunta acadou unha execución do orzamento de gasto non financeiro por riba do 102 %, que superou o 105 % nos gastos correntes, un indicador que engloba todo o gasto social da Administración autonómica
- A conta xeral mostra que Galicia liderou un ano máis o esforzo investidor de toda España e volveu ser a Administración autonómica máis áxil no pagamento aos seus provedores
- Galicia pagou aos seus máis de 14.800 provedores nunha media de 18,7 días, a metade de tempo que o conxunto de comunidades que foi de 34,5 días
- Ademais, pechou o exercicio cun déficit do 0,1 % do PIB e cun endebedamento do 19,9 % fronte ao 27,1 % da media de CC.AA.

O Consello da Xunta aprobou hoxe a conta xeral da Comunidade Autónoma do exercicio 2020, na cal se ratifica que o ano pasado Galicia gastou todo o necesario para loitar contra a pandemia do coronavirus e, ao mesmo tempo, mantivo o seu compromiso coa estabilidade orzamentaria.

O conselleiro de Facenda e Administración Pública, Valeriano Martínez, presentou hoxe no Consello da Xunta esta conta xeral que mostra que no 2020 a Xunta foi capaz de acadar unha execución do orzamento consolidado de gasto do 102,1 %, un indicador aínda maior –do 105,8 %- no gasto corrente, que engloba todo o gasto social da Administración galega, especialmente o gasto sanitario, educativo e o gasto do eido dos servizos sociais.

A conta xeral de 2020 tamén reflicte que a Comunidade Autónoma acadou un aforro bruto de 1.043 millóns de euros, o que permitiu incrementar o grao de investimentos da Comunidade Autónoma sen recorrer ao endebedamento.

Líderes en esforzo investidor e pagamento a provedores

O documento recolle que Galicia liderou un ano máis o esforzo investidor de toda España. De feito, foi a comunidade con maior peso dos investimentos sobre o total do gasto non financeiro, cun 13,5 %, case o dobre que a media, que foi do 7,2 %.

Por outra banda, a Xunta foi tamén un ano máis, a Administración autonómica máis áxil no pagamento aos seus provedores. Galicia pagou aos seus máis de 14.800 provedores

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

nunha media de 18,7 días, a metade de tempo que o conxunto de comunidades, que se situou nos 34,5 días.

Desta forma, a Xunta de Galicia, un exercicio máis, foi quen de compatibilizar altos niveis de execución, con grandes esforzos investidores e un áxil pagamento aos provedores.

Control do déficit e da débeda

Ademais, na conta xeral pódese apreciar que en 2020, ano en que se suspenderon as regras fiscais, Galicia mantivo o seu compromiso coa estabilidade orzamentaria ao tempo que gastou todo o necesario para atender todo o relativo á pandemia, sen deixar de investir nin un so euro dispoñible e controlando o déficit e a débeda.

Neste sentido, a Comunidade galega liquidou o exercicio pasado cun déficit do 0,1 % do PIB e cun diferencial de débeda coa media autonómica, de 7,2 puntos, e foi a terceira comunidade de réxime común con menor endebedamento, cun 19,9 % de ratio débeda/PIB, fronte ao 27,1 % da media das CC.AA.

Galicia é a comunidade autónoma con menor aumento de volume de débeda desde o ano 2008, e esta redución da ratio de débeda nos últimos exercicios fai que estea nunha mellor posición financeira para responder ás exixencias económicas derivadas dos efectos negativos do coronavirus e para seguir combatendo a pandemia; impulsar a reactivación económica e atender as necesidades das familias, pemes e autónomos.

A Xunta de Galicia remitirá agora a conta xeral ao Parlamento e ao Consello de Contas cumprindo a normativa en vigor, modificada en 2015 para facela máis exixente e que establece como prazo máximo de remisión o 30 de setembro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE VEDRA PARA MELLORAR O SANEAMENTO DAS PARROQUIAS DE SAN MAMEDE E SANTA CRUZ DE RIBADULLA CUN INVESTIMENTO DE 1,3 M€

- A Xunta financiará esta actuación coa achega de máis de 1 millón de euros e o Concello contribuirá co importe restante
- O obxectivo destas obras é reforzar o sistema de saneamento dos núcleos de Outeiro, A Lagoa, Sete, Angustín e Agrelo
- Ampliarase a rede cun ramal que recolle as augas residuais de Agrelo e dunhas vivendas de Rozadela e dispórase unha estación de bombeo para Outeiro e A Lagoa
- Estas actuacións completan as realizadas nunha primeira fase en Tomonde e Neira, e nunha segunda en San Mamede e Santa Cruz, cun orzamento de máis dun millón de euros
- A Xunta continúa prestando o seu apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan desenvolver as súas competencias de saneamento e abastecemento de xeito eficiente

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Vedra para executar as obras de saneamento nas parroquias de San Mamede e de Santa Cruz de Ribadulla.

Este proxecto conta cun investimento global de algo máis de 1,3 millóns de euros, dos que Augas de Galicia achegará 1,06 millóns de euros e o Concello o importe restante, é dicir, 265.000 euros.

A intervención contará co financiamento do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020.

O obxectivo desta actuación é reforzar o sistema de saneamento dos núcleos de Outeiro, A Lagoa, Sete, Angustín e Agrelo, completando así un proxecto máis amplo no cal o Goberno galego terá investido un total de 2,3 millóns de euros, contando esta terceira fase de obras e as dúas xa executadas con anterioridade.

Con estes traballos ampliarase a rede cun novo ramal que recolle as augas residuais do núcleo de Agrelo e os tramos que conectan unhas vivendas de Rozadela e outras próximas ao campo de fútbol. Para Outeiro e A Lagoa deséñase unha estación de bombeo que descargará nun pozo da rede existente.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A impulsión prevista levará as augas desde a estación de bombeo de augas residuais ata unha cámara de rotura de carga, desde a que un tramo de colector por gravidade descargará na rede existente.

Tamén se realizará a modificación do bombeo de Neira para adaptalo ao novo caudal.

As obras proxectadas darán servizo a unha poboación de 500 habitantes para o ano horizonte 2038.

Fases I e II

Estas actuacións daranlles continuidade ás realizadas nunha primeira fase, nas parroquias de Tomonde e Neira, e nunha segunda, nas de San Mamede e Santa Cruz, sumando un orzamento global de máis de 1 millón de euros.

Na primeira fase, a Xunta executou o saneamento dos núcleos de Neira de Arriba e Neira de Baixo, ambos os dous na parroquia de San Mamede de Ribadulla.

As actuacións consistiron na instalación dun treito de colector xeral, que discorre paralelo ao río Tomonde.

Tamén se acometeu unha nova depuradora que consta de sistemas de pretratamento, decantador, tanque de flotantes e arqueta de repartición.

Na segunda fase, as actuacións consistiron en dar continuidade ao colector iniciado na primeira fase, así como na execución de 7 ramais secundarios e 130 pozos de rexistro.

Ademais executáronse melloras na depuradora do núcleo de Neira, dotándoa dun equipo de bombeo para reforzar a súa capacidade e permitir a posibilidade de futuras incorporacións doutros núcleos.

A Xunta continúa prestando o seu apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan desenvolver as súas competencias de saneamento e abastecemento de xeito eficiente.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE OIA PARA MINIMIZAR O RISCO DE INUNDACIÓN NO RÍO VILADESUSO CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE 375.000€

- Trátase de incrementar a capacidade hidráulica da zona da ponte da Serra Seca e da protección do leito do río fronte á erosión, sobre todo nos tramos curvos
- Segundo o convenio autorizado hoxe, a Xunta comprométese a financiar integramente as actuacións e a contratar e executar as obras
- A Administración local deberá pór á disposición os terreos necesarios, tramitar as autorizacións para as obras e asumir posteriormente as actuacións realizadas
- Refórzanse as intervencións executadas xa por Augas de Galicia de aumento da capacidade hidráulica no río Viladesuso, na zona do Sobral, e incídese nos traballos executados para paliar os efectos dos incendios de 2006 na bacía dese río
- A Xunta mantén a colaboración entre as administracións e axentes implicados para estar mellor preparados fronte aos efectos do cambio climático e o risco de inundacións e acadar unha rápida recuperación fronte ás posibles consecuencias

A Xunta de Galicia colaborará co Concello de Oia para minimizar o risco de inundación no río Viladesuso, ao seu paso polo municipio pontevedrés de Oia, cun investimento autonómico de 375.000 euros.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, e o Concello de Oia para executar a 2ª fase das obras de mellora do comportamento hidráulico do río, que está cualificado como área de risco potencial significativo de asolagamento no Plan de xestión de riscos de inundacións da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa, na zona da ponte da Serra Seca.

Trátase de incrementar a sección hidráulica da zona da ponte da Serra Seca e da protección do leito do río fronte á erosión, sobre todo nos tramos curvos.

No cumprimento do obxecto do convenio autorizado hoxe polo Goberno galego, a administración hidráulica da Xunta asume integramente o financiamento das actuacións destinadas a reducir os efectos negativos dos asolagamentos nesta área. As obras estarán cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Augas de Galicia levará a cabo a contratación e execución das obras, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pola súa banda, mediante este acordo, o Concello de Oia asume a posta á disposición e xestión dos terreos necesarios, tal e como establecen os convenios de colaboración destas características en todas as confederacións hidrográficas e de acordo coa instrución do propio Ministerio para a Transición Ecolóxica. Tamén asume a obriga de conseguir as autorizacións necesarias para a execución dos traballos, de recibir as obras, así como o seu mantemento e conservación, empregando as instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.

Intervencións proxectadas

As intervencións obxecto do convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico reforzan os traballos executados por Augas de Galicia de mellora da capacidade hidráulica do río Viladesuso, na zona do Sobral, e incídese nas actuacións realizadas para paliar os efectos dos incendios acaecidos na bacía do río Viladesuso no 2006.

O orzamento da primeira fase roldou os 152.000 € e, sumado ao desta segunda fase, suporá un investimento autonómico global de máis de 525.000 €.

Augas de Galicia proxecta seis novas actuacións para aumentar a capacidade hidráulica ao longo do río Viladesuso.

Entre os traballos que se executarán inclúense a protección do leito na marxe esquerda do río, mediante a construción dun noiro de protección de dique; así como o aumento da sección hidráulica da ponte mediante a construción dun marco prefabricado de formigón de 4 metros e unha pendente constante do 5 % como o leito do río. Augas arriba das estruturas, entre o estribo da ponte e o novo marco, construírse unha pequena cuña triangular de formigón para facilitar o comportamento hidrodinámico do fluxo de auga en época de avenidas e reforzarse a cimentación dos estribos da ponte mediante dique.

Tamén se recuará o leito na marxe esquerda do río e construírse un novo muro, coa finalidade de dar continuidade hidráulica ao caixón construído na ponte. Derrubarase o actual muro existente na marxe dereita do río e executarase un novo recuamento, con noiro no leito do río, reforzándose a marxe dereita do río.


Para a realización das obras está previsto reutilizar o material depositado no leito: as rochas de maior tamaño serán seleccionadas e reutilizadas para a construción do manto principal de dique, e o resto de material do río, previamente clasificado, poderá ser reutilizado como manto secundario.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego mantén a aposta pola colaboración entre as administracións e axentes implicados para estar máis preparados fronte aos efectos do cambio climático e ao risco de inundacións e acadar unha máis rápida e mellor recuperación fronte ás súas posibles consecuencias.

Zonas das actuacións que se van executar:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE PORTOMARÍN NA MELLORA DE ABASTECIMENTO AO NÚCLEO DE LEÓN, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 368.000 EUROS

- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, contribuirá ao financiamento desta actuación coa achega do 80 % do orzamento
- O obxectivo é modernizar o sistema de abastecemento a León coa implantación dunha condución principal de distribución de auga da cal partirán as acometidas domiciliarias
- Estas obras reforzarán o funcionamento da rede cunha única condución, substituíndo o actual sistema que conta con 19 conducións individuais para cada inmovible
- A Xunta continúa prestando o seu apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan desenvolver as súas competencias de saneamento e abastecemento de xeito eficiente

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Portomarín para a execución das obras de mellora do abastecemento de auga ao núcleo de León, que suporán un investimento de máis de 368.000 euros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, contribuirá ao financiamento das actuacións coa achega do 80 % do orzamento, algo máis de 294.500 euros, e o Concello achegará o 20 % restante, arredor de 73.600 euros.

O obxectivo desta actuación é modernizar o sistema de abastecemento ao núcleo de León mediante a implantación dunha condución principal de distribución de auga da cal partirán as acometidas domiciliarias.

Na actualidade, este núcleo consta dunha caseta de contadores á cal chega a auga do depósito de Recelle e a partir da que saen 19 conducións individuais para cada inmovible.

Cómpre lembrar que a conexión de León ao depósito de Recelle foi executada por parte da Xunta, coa achega dun investimento de preto de 48.000 euros.

Co fin de mellorar o sistema de abastecemento neste núcleo, o Goberno galego proxecta no marco do citado convenio unha intervención para dispor dunha única condución para toda a poboación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para isto, a carón da caseta de contadores acometerase unha arqueta de conexión coa rede existente, que disporá dunha válvula reductora de presión.

A Xunta continúa prestando o seu apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan desenvolver as súas competencias de saneamento e abastecemento de xeito eficiente.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA ATA 1,24M€ O CONVENIO CO SECTOR DA MÚSICA DE VERBENA PARA ORGANIZAR SETE FESTIVAIS CON 50 ORQUESTRAS NO MARCO DO XACOBEO 21-22

- O Consello da Xunta autoriza o aumento en máis do triplo da dotación inicial do acordo asinado en xullo coa Asociación Galega de Orquestras e a Asociación de Empresarios da Música da Verbena Galega para contribuír á reactivación e ao mantemento do emprego neste ámbito
- Aos máis de 100 concertos programados ata final de ano, súmanse agora as sete citas que terán lugar o sábado 25 en Narón e Santiago de Compostela, o domingo 26 na Coruña, Ourense, Pontevedra e Vigo, e nunha data próxima na área de Lugo
- O reforzo desta medida do plan autonómico de reactivación cultural supón un novo impulso ao apoio que as orquestras de verbena veñen recibindo por parte do Goberno galego desde 2020 a través de diferentes liñas de axuda

O Consello da Xunta autorizou hoxe a ampliación do convenio de colaboración asinado o pasado mes de xullo entre a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) e as dúas asociacións representativas do sector das orquestras de verbena en Galicia, que aumenta a súa dotación en máis do triplo para situarse en 1,24 millóns de euros. Segundo se recolle no texto da addenda, a meirande parte desta nova inxección económica destínase á organización dun circuío de sete festivais coa participación de 50 orquestras, que terán lugar esta mesma fin de semana na Coruña, Narón, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, e nunha data próxima na área de Lugo, todos eles no marco da programación do Xacobeo 21-22.

Estes sete grandes eventos veñen sumarse aos máis de 100 concertos e probas piloto xa programados ao abeiro do convenio orixinal, cun orzamento inicial de 400.000 euros, e que se desenvolven nas catro provincias desde o pasado 15 de xuño e ata finais de ano. As beneficiarias en ambos os casos son as orquestras asociadas tanto á Asociación Galega de Orquestras (AGO) como á Asociación de Empresarios da Música da Verbena Galega (Asevega).

Desta nova inxección económica de 840.000 euros, 700.000 euros destínanse á organización dos devanditos festivais, mentres que os 140.000 euros restantes incrementan o crédito para fomentar a contratación de orquestras de verbena por parte doutras entidades mediante a subvención do 40% do custo das actuacións. Tamén a raíz da modificación autorizada polo Consello, amplíase de 45.000 a 65.000 euros a axuda máxima por cada formación participante, que debe contar cun elenco mínimo de cinco músicos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Medidas consensuadas

O reforzo do convenio é o resultado dunha serie de reunións periódicas que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade vén mantendo cos representantes do sector. Supón, ademais, un novo avance no apoio económico que as orquestras de verbena veñen recibindo desde 2020 por parte do Goberno galego, co obxectivo de paliar os efectos negativos da pandemia e en atención á súa importancia tanto social como económica. De feito, a Xunta foi a primeira administración autonómica en adxudicar axudas específicas a este ámbito, no marco dun compromiso continuado, que se plasmou en numerosas xuntanzas e en novas liñas de colaboración e que continúa na actualidade.

Neste sentido, tanto o convenio como a súa addenda insírense no plan autonómico de reactivación do sector cultural, en recoñecemento á importancia da música de verbena como manifestación da tradición e cultura popular galega e ao incremento substancial do seu grao de profesionalización e da calidade dos seus espectáculos.

Entre o resto das vías de apoio destacan igualmente a convocatoria de axudas a orquestras publicada en outubro do ano pasado, a través da que se adxudicaron 1.079.000€ a 51 empresas. Así mesmo, o pasado 15 de abril a Xunta abriu o prazo de solicitude de axudas por parte de traballadores estacionais de orquestras e espectáculos afectados polos peches da covid-19, dotadas con 500.000€, mentres que o 2 de xuño se aprobou a orde pola que se establecen as bases reguladoras do III Plan de Rescate para autónomos e pemes afectados pola crise da covid-19. As orquestras poden beneficiarse deste novo plan ao igual que do previo, aprobado o 11 de febreiro.

Fin de semana de orquestras

Cada un dos festivais que se desenvolverán o sábado 25 en Narón e Santiago de Compostela, e o domingo 26 na Coruña, Ourense, Pontevedra e Vigo, ademais do que terá lugar proximamente na zona de Lugo, terán unha capacidade máxima para 1000 persoas de pé, con división en sectores para garantir a distancia e o resto de medidas de seguridade. A entrada será gratuíta, previa reserva na web www.woutick.es, e cada unha das orquestras participantes ofrecerá cadanseu concerto duns 45 minutos de duración.

O circuío arrancará ás 18,00 h. do sábado 25 en Narón e en Santiago de Compostela. No polígono naronés Río do Pozo actuarán as orquestras Los Satélites, Fania Blanco Show, Principal, Los Españoles, La Favorita, Tania Veiras e Finisterre, mentres que a Cidade da Cultura de Galicia recibirá a París de Noia Show, Gran Parada, Capitol, Metrópolis, Atrévete, Galilea e Puzzle.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto aos catro festivais do domingo, que comezarán a partir das 17,00 h. en todos os casos, o recinto da Autoridade Portuaria da Coruña, próximo ao Palexco, acollerá as orquestras Cinema, Deluxxe, Eureka, Essencia, Dilema, Stereo e Charleston. Na explanada de Expourense actuarán América, Claxxo, Gran Casino, La Ola Adn, Unión y Fuerza, Grupo Ritmo e Acordes, mentres que o evento de Pontevedra terá lugar no exterior do Pazo da Cultura con Marbella, La Oca, Triunfo, Televisión, Samba, América SL e Fama. Por último, o Peirao de Transatlánticos de Vigo será o escenario para os concertos de Solara, Los Player's, Aramio, Estrellamar, M3, Ritmo Joven e Magos.

No caso da área de Lugo, cuxa data se confirmará nos próximos días, están programadas as actuacións de Costa Dorada, Arizona, Suavecito, Salsarena, Alma Latina, Lume, Tapyoka e Limón.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DA UCI DO HOSPITAL UNIVERSITARIO DE OURENSE

- O expediente autorizado hoxe polo Consello da Xunta reflicte a contatación do proxecto, execución e dirección facultativa da reforma da unidade de coidados intensivos que triplicará o seu espazo actual, por un importe total de licitación e 9.441.868 euros
- As obras presentan unha alta complexidade, porque se desenvolverán no mesmo núcleo do hospital, onde se sitúan as dúas unidades de críticos: UCI e reanimación
- Este proxecto súmase á ampliación, xa licitada o pasado xuño, da obra de construción dun novo edificio de hospitalización e de reforma do hospital materno-infantil por un importe de 52,6 millóns de euros.

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a o expediente de contratación do proxecto, execución e dirección facultativa da reforma da unidade de coidados intensivos (UCI) do Hospital Universitario de Ourense. O importe total desta licitación é de 9.441.868 euros e o prazo de execución establécese en 21 meses.

Con esta obra, o Hospital Universitario de Ourense renovará e triplicará o espazo actual da súa unidade de coidados intensivos, que ampliará as súas marxes dentro da cuarta planta do Edificio Cristal. Levarase a cabo unha adaptación de espazos para a implantación de tres módulos da UCI cos seus correspondentes espazos asistenciais e administrativos de apoio. Con esta obra, adecúanse os requirimentos estruturais da UCI referidos á dimensión dos postos, á configuración dos espazos e á climatización e conservación, de xeito que permita a atención aos pacientes críticos con necesidades de ingreso, cumprindo tanto a normativa vixente como a específica relativa ao control da pandemia da COVID-19.

As obras presentan unha alta complexidade, porque se desenvolverán no mesmo núcleo do hospital, onde se sitúan as dúas unidades de críticos: UCI e reanimación. Estes dous servizos son os que precisamente se coordinaron e compartiron espazos para facer fronte á demanda asistencial durante a pandemia. Para isto, foi preciso unha complexa reordenación dos espazos, tanto das unidades de críticos como do bloque cirúrxico, que deberon intercambiar áreas e trasladar parte da súa actividade.

Á complexidade derivada da súa localización, engádese a da súa funcionalidade, para doentes críticos en xeral, incluíndo pacientes contaxiosos, sendo ademais das máis exixentes tecnicamente, xa que deberá incluír unha especial climatización, illada da do

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

resto do hospital, e actuar nas fachadas, intervindo en dúas edificacións neste momento separadas.

Investimento na sanidade pública de Ourense

Este proxecto forma parte dun ambicioso proxecto de futuro para a sanidade pública ourensá anunciado o pasado 2 de xullo polo presidente da Xunta de Galicia, que prevé investimentos por valor de 120 millóns de euros, tanto no eido hospitalario como no de primaria e que xa tivo o seu primeiro cumprimento coa licitación nesa mesma xornada dunha obra de 52,6 millóns no CHUO consistente nun novo edificio de hospitalización e da reforma do hospital materno-infantil e, posteriormente, coa licitación a finais de xullo do proxecto arquitectónico que permitirá converter o Centro de Saúde Nova Santos no primeiro Centro Integral de Saúde da provincia grazas a un investimento que se achegará aos 9 millóns de euros e que permitirá a súa reforma integral.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA O BONO CULTURA, QUE MOBILIZARÁ 4M€ NOS ESTABLECEMENTOS E ENTIDADES CULTURAIS DE GALICIA

- Trátase dun novo programa de descontos do 50 % en compras de produtos ou na utilización de servizos culturais
- Arrincará o 1 de novembro e estenderase ata finais de ano
- A iniciativa, que conta cun investimento de 1,95M€, subvencionará produtos como libros, música en formato CD ou vinilo, películas ou series en formato físico, entradas para museos, cines, concertos ou espectáculos escénicos, entre outras
- Os bonos xeraranse a través dunha web que se habilitará proximamente onde tamén se poderá consultar a relación de establecementos adheridos
- Forma parte do paquete de medidas que o Goberno ten en marcha para axudar a reducir o impacto económico derivado da COVID-19 e dinamizar o consumo
- O Goberno autonómico ten xa programadas máis de 2.500 actividades para este outono, entre exposicións, concertos, espectáculos escénicos, entre outros

A Xunta de Galicia porá en marcha este outono o Bono Cultura, un novo programa de descontos na compra de produtos ou na utilización de servizos culturais, con que se mobilizarán 4M€ nos establecementos e entidades culturais da Comunidade e se ofrecerán descontos do 50 % para os clientes. Trátase dunha medida cun dobre obxectivo: incentivar a demanda cultural e dinamizar o consumo de xeito seguro, así como favorecer o fortalecemento do sector axudándoo a reducir o impacto económico derivado da COVID-19.

Como se informou hoxe no Consello da Xunta, a iniciativa -que conta cun orzamento de 1,95M€- consiste na posta en marcha de bonos desconto cun valor de 50€ por usuario para gastar nos distintos establecementos que se sumen á iniciativa. Os descontos serán do 50 % da compra e poderán beneficiarse 39.000 persoas. Os bonos poderán empregarse para a compra de produtos como música gravada en CD ou vinilo; compras de produtos audiovisuais, como películas ou series, en formato físico; libros ou videoxogos, pero tamén para a compra de entradas para calquera tipo de institución cultural (museo, casa-museo...) ou para salas de cine, concertos de música e espectáculos escénicos, entre outras.

Poderá facerse co bono calquera persoa maior de idade que teña a súa residencia en Galicia e a descarga realizarase a través dunha web, onde se emitirá en formato dixital a través dun código QR e o importe de cada compra reducirase nun 50 % ata esgotar o saldo do bono. O período de validez dos bonos será desde o 1 de novembro ata o 31 de decembro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No que se refire ás entidades adheridas en que se consuma o bono, deberán rexistrarse na mesma páxina web, que se habilitará proximamente. Poderán formar parte desta iniciativa as persoas físicas ou xurídicas que teñan como obxecto da súa actividade a venda ao consumidor de produtos e bens culturais en Galicia, os centros ou locais públicos ou privados destinados á exhibición de produción cultural como salas de cine, teatros e auditorios, salas de concertos, salas de exposicións...), así como museos casas-museo ou asimilados tanto de titularidade pública como privada e asociacións, entidades e fundacións de carácter cultural, tanto públicas como privadas, que ofrezan produtos culturais. Como requisito, deberán estar dados de alta nalgún dos grupos ou epígrafes do imposto sobre actividades económicas (IAE) recollidos na orde da convocatoria Bono Cultura que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

As empresas interesadas disporán do prazo dun mes para inscribirse no programa desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade manterá nos próximos días reunións sectoriais para traballar co sector na súa posta en marcha e porase en marcha unha campaña informativa entre a cidadanía.

Ampla programación para outono

O Bono Cultura enmárcase nas medidas específicas para o sector cultural que a Xunta de Galicia ten en marcha para reactivar a súa actividade a través do Plan de reactivación da cultura para reforzar a competitividade do sector a través de iniciativas que permitan a súa modernización e incentiven o consumo.

Neste sentido, o Goberno autonómico ten xa programadas máis de 2.500 actividades para este outono entre exposicións, conferencias, ciclos de concertos, espectáculos escénicos, así como diversas actividades familiares e infantís, entre outras. Neste sentido, está prevista unha completa programación expositiva para poñer en valor figuras como Emilia Pardo Bazán ou Antonio Palacios, e continuarán as itinerancias das propostas ao redor de Isaac Díaz Pardo ou Xela Arias.

As bibliotecas da rede pública programarán máis de 300 propostas para o gran público, entre obradoiros, conferencias e mostras e ofreceranse máis de 600 actividades de dinamización da lectura a través do programa *Ler Conta Moito*. O Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 21-22 programará ao redor de 300 actividades, entre contacontos, espectáculos de maxia, teatro, concertos e obradoiros. E a Cidade da Cultura ofertará ata 250 actividades culturais ao longo do último trimestre do ano, entre visitas guiadas ao recinto e propostas expositivas e actividades paralelas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Co apoio da Xunta están previstos, ademais, entre outras actividades, 60 concertos de orquestras e verbenas, outros 50 de música sinfónica, 170 funcións na Rede galega de teatros e auditorios (RGTA), así como preto de 300 actuacións musicais tanto nas salas de concertos e salas de música como no marco das axudas do Xacobeo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 53,7M€ NA FORMACIÓN DE 37.100 PERSOAS DESEMPREGADAS E OCUPADAS A TRAVÉS DE 2.200 CURSOS DIRIXIDOS A CUBRIR A DEMANDA DO MERCADO DE TRABALLO

- A prioridade do Goberno galego é orientar a cualificación cara á demanda do tecido produtivo e, deste xeito, destinará ata 2022 máis de 48 millóns na formación de 18.600 desempregados e 5,5 millóns para cualificar a 18.500 traballadores en activo
- O obxectivo da iniciativa é a mellora das oportunidades laborais dos galegos e galegas, da súa formación e da competitividade empresarial, así como a creación de emprego de calidade
- Impúlsase a través do novo Campus Virtual de Galicia a aula virtual para facilitar o acceso aos cursos dos galegos e galegas e garantir a súa saúde pola COVID-19, ao tempo que se potencia o desenvolvemento de accións formativas dirixidas a persoas con discapacidade
- Os participantes poderán acceder aos certificados de profesionalidade con validez en todo o Estado ao remate dos cursos

A Xunta sigue a apostar por orientar a formación para o emprego cara ás necesidades do mercado de traballo e, deste xeito, investirá ata 2022 máis de 53,7 millóns de euros na formación de 37.100 persoas desempregadas e ocupadas a través de 2.200 cursos á carta dirixidos a atender a demanda do tecido produtivo de Galicia.

Por un lado, destinará máis de 48 millóns de euros á formación de 18.600 desempregados a través de 1.242 cursos, e 5,5 millóns para a realización de 947 accións formativas para cualificar a 18.500 traballadores en activo.

O Consello da Xunta informou hoxe sobre a adxudicación das axudas das convocatorias dirixidas á formación en centros acreditados de persoas sen emprego e para a cualificación de ocupados. Ademais, impartirase formación para desempregados nos 13 centros de formación para o emprego dependentes da Consellería de Emprego e Igualdade localizados en Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Viveiro, Ourense, Vigo, A Coruña, Ames, Negreira, Melide, Monforte de Lemos, Allariz e Bueu.

O obxectivo é a mellora das oportunidades laborais dos galegos e galegas, da súa formación e da competitividade empresarial, así como a creación de emprego de calidade. A través da iniciativa impúlsase a aula virtual grazas ao novo Campus Virtual de Galicia que puxo en marcha a Consellería de Emprego e Igualdade para facilitar o acceso á cualificación dos galegos e galegas e garantir tamén a saúde dos alumnos e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

alumnas pola COVID-19. O primeiro campus virtual é unha demanda da sociedade e do tecido empresarial galego con que se pretende impartir en tempo real de xeito virtual a formación para o emprego. Búscase acercar a formación a todo o territorio galego e a aqueles alumnos e alumnas que teñen dificultades para desprazárense.

Así mesmo, a Xunta coa formación para o emprego está a potenciar a realización de cursos dirixidos a persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial recoñecida e no caso da formación para desempregados en centros acreditados inclúese como beneficiario e colectivo prioritario da formación aos traballadores afectados por expedientes temporais de regulación de emprego (ERTE).

Ademais, no caso da orde para desempregados admítense a participación de ata un 30 % de ocupados, sempre e cado non se cubran as prazas con desempregados, e viceversa no caso da orde dirixida á formación para traballadores en activo co fin de completar o 100 % das prazas.

Certificados de profesionalidade

Os alumnos e alumnas que partecen nas accións formativas poden acceder, ao remate, aos certificados de profesionalidade con validez en todo o Estado. Desde o ano 2011, a Xunta mantén unha aposta decida pola formación certificable co obxecto de que a formación para o emprego conte cuns niveis de calidade e excelencia demandados na actualidade.

Os cursos versan sobre diferentes especialidades e as que teñen maior demanda son as de informática e comunicacións, servizos socioculturais, comercio e márketing e administración e xestión. Tamén se imparten cursos sobre artes gráficas, actividades físicas e deportivas, imaxe persoal, sanidade, seguridade e ambiente, téxtil ou edificación e obra civil, entre outros.

En definitiva, o Goberno galego busca coa formación para o emprego incrementar as oportunidades laborais dos galegos e galegas e dar resposta á necesidade das empresas de contar con traballadores cualificados adaptando a formación dos traballadores ás súas necesidades.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA LEVARÁ AO CONSELLO INTERTERRITORIAL AS SÚAS DEMANDAS PARA RESOLVER O DÉFICIT DE ESPECIALISTAS EN ATENCIÓN PRIMARIA

- A Consellería de Sanidade informou o Consello da Xunta do posicionamento que defenderá na vindeira xuntanza do 30 de setembro, insistindo, entre outras demandas, na convocatoria extraordinaria de prazas MIR para médicos de familia, na revisión de criterios para a acreditación de prazas de formación e na creación da especialidade de medicina de urxencias e emerxencias
- A Xunta vén de desenvolver un Plan galego de atención primaria entre 2019 e 2021 dotado con 102 millóns de euros

O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, informou o Consello da Xunta das reivindicacións que vai levar Galicia á vindeira xuntanza monográfica sobre atención primaria do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, que se celebrará en Canarias o 30 de setembro.

Ao longo da actual lexislatura, a Xunta de Galicia puxo en coñecemento do Ministerio de Sanidade unha serie de demandas relacionadas coa situación da atención primaria, logo de que Galicia leve dous anos acadando o tope de cobertura de prazas acreditadas na formación de especialistas en medicina familiar e comunitaria. Estas demandas foron apoiadas por mandatos do Parlamento de Galicia do último ano e, ademais, foron remitidas por carta á Administración sanitaria do Goberno central.

Principalmente, son catro as reivindicacións da Xunta para buscar solucións á falta de especialistas con que se está a atopar a atención primaria en todas as comunidades autónomas. A primeira delas é revisión dos criterios de acreditación de prazas de formación para a especialidade de medicina familiar e comunitaria, co obxectivo de incrementar o número de prazas. Neste sentido, Galicia propón manter o sistema de solicitude de acreditación de prazas aberto de xeito permanente e incorporar a figura de declaración responsable no procedemento de acreditación de unidades docentes. Así mesmo, pide revisar os requisitos de acreditación dos centros e dispositivos, facilitando as rotacións por centros de saúde rurais ou hospitais comarcais, revisar os requisitos de acreditación de titores e reformular o programa formativo de MIR de medicina familiar e comunitaria para aumentar o tempo de presenza en atención primaria.

A segunda das demandas da Xunta refírese a petición de convocatoria dunha proba de acceso MIR de xeito extraordinario para a especialidade de medicina familiar e comunitaria. En relación con este tema, o conselleiro de Sanidade lembrou que, de novo

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

neste ano 2021, Galicia acadou o tope de cobertura de prazas acreditadas na formación de especialistas en medicina familiar e comunitaria, e que en 2020 e 2021 financiou a formación de 142 residentes da dita especialidade, o 100 % das prazas autorizadas.

No referido á terceira reivindicación, desde a Xunta solícitase a creación con tramitación preferente da especialidade de medicina de urxencias e emerxencias, para evitar que a falta de formación específica obrigue os MIR que queren exercer en urxencias a ocupar prazas na formación de medicina familiar e comunitaria.

A eliminación da taxa de reposición, o asunto que centra a cuarta das demandas principais que se fan desde Galicia, é un tema recorrente nas peticións da Xunta, xa que vén sendo trasladada desde o ano 2016 ás sucesivas persoas que ocuparon a titularidade do Ministerio de Sanidade. A eliminación das limitacións impostas na taxa de reposición de efectivos permitiría consolidar e estabilizar a situación de milleiros de profesionais sanitarios.

Avances na atención primaria en Galicia

Noutra orde de cousas, García Comesaña informou tamén o Consello da Xunta sobre as respostas do departamento sanitario galego a un cuestionario que remitiu o Ministerio de Sanidade a todas as comunidades autónomas. Nese cuestionario, Galicia demostra o alto nivel de cumprimento das medidas marcadas polo Ministerio no seu Marco estratéxico para a atención primaria e comunitaria, que se aprobou en 2019 co rexeitamento da Xunta.

En contestación a este cuestionario, Sanidade deu conta dos avances experimentados pola atención primaria galega nos últimos tres anos, subliñando a aprobación e desenvolvemento do Plan galego de atención primaria 2019-2021, con 200 accións para implementar, cun orzamento de 102 millóns de euros e a dotación de 31 novas prazas de distintas categorías de atención primaria entre 2019 e 2021; e a elaboración do documento estratéxico Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde, fixando uns obxectivos de transformación a medio e longo prazo do xeito de traballar deste nivel asistencial.

Desde a Consellería de Sanidade destacouse tamén a posta en marcha de plans de actuación paralelos con incidencia sobre a atención primaria como a Estratexia galega para a atención ás persoas en situación de cronicidade ou o Plan de saúde mental de Galicia, así como o aumento de fondos do programa de gasto de atención primaria en case un 15 %, pasando dos 1.213 millóns de euros dos orzamentos de 2018 aos 1.391 dos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de 2021; e o investimento nos últimos tres anos de máis de 45 millóns de euros en infraestruturas de atención primaria, permitindo a posta en marcha de nove novos centros de saúde e 18 reformas.

Así mesmo, na resposta ao Ministerio incidiuse no investimento de 8,6 millóns de euros de equipamento sanitario para os centros de saúde e o orzamento previsto para rematar as obras de dous centros integrais de saúde (Lugo e Lalín), licitar as obras doutros dous (Ourense e Vigo), iniciar as reformas xa licitadas para tres centros de saúde (Arnoia, Ribadavia e O Porriño) e licitar as obras de novos centros de saúde en Moaña, Santiago de Compostela (Conxo), Antas de Ulla, Abegondo, así como as dos proxectos construtivos onde se acadaron acordos de colaboración, como A Rúa, A Coruña (Santa Lucía), Soutomaior ou Vilagarcía de Arousa.

A implantación do sistema TELEA, conectado coa historia clínica electrónica, logrando incluír na plataforma máis de 390.000 pacientes; a ampliación da solicitude de probas diagnósticas desde atención primaria ou a implantación da consulta telefónica e da videoconsulta, ademais da creación do programa Conecta-72 e a implantación de e-interconsulta entre os profesionais de atención primaria e os especialistas de atención hospitalaria son outros dos avances na prestación sanitaria de primaria, así como o desenvolvemento de proxectos pioneiros de integración asistencial para mellorar a comunicación e o fluxo de pacientes entre primaria e hospitalaria, por citar algúns.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTACA QUE GALICIA É A CUARTA COMUNIDADE DE ESPAÑA CON MÁIS MATRICULACIÓNS NAS ESCOLAS INFANTÍS

- Nos centros da rede pública autonómica a matriculación medrou este curso un 3%, ata superar os 7800 nenas e nenos
- Durante o verán realizáronse obras de mellora en máis de 40 escolas infantís públicas, cun investimento total de 2,6 millóns de euros

O Consello da Xunta fixo hoxe balance do recente inicio do curso 2021-22 nas escolas infantís de 0 a 3 anos da rede pública autonómica, que son fundamentais para axudar na conciliación familiar e para a formación dos pequenos nesta primeira etapa educativa. Galicia é a cuarta comunidade de España con máis matriculacións nas escolas infantís, cun 42,9%, é dicir, sete puntos por riba da media nacional e dez puntos máis da ratio mínima que aconsella a Unión Europea.

En concreto, este curso o número de matriculacións nas escolas da rede pública autonómica aumentou un 3% e sitúase en 7800. Así mesmo, neste verán realizáronse obras de mellora en máis de 40 escolas infantís públicas, cun investimento total de 2,6 millóns de euros para acondicionar e renovar as instalacións e que os nenos e nenas puidesen comezar o curso con todas as comodidades.

Galicia dispón dun dos mellores sistemas de educación infantil de España, con máis de 500 centros públicos e privados repartidos polas catro provincias, que superan no seu conxunto as 25.000 prazas. Ademais, máis da metade das familias non pagan pola atención educativa, xa que se benefician da gratuidade para os segundos fillos e sucesivos ou dunha casa niño no rural, ambas medidas pioneiras en España.

Grazas aos protocolos que se estiveron a aplicar durante a pandemia, Galicia logrou garantir a máxima seguridade no curso que vén de rematar. De feito, o 99% das escolas infantís estiveron en funcionamento, o que supuxo un reforzo da confianza das familias nestes centros.

Neste novo escenario, o Goberno galego ten como reto retomar a plena normalidade mantendo as máximas precaucións, e para iso adaptouse o protocolo á situación actual para que as nais e pais puidesen deixar de novo os carriño dentro da escola, para que os nenos non tivesen que cambiar de calzado ao entrar, ou para que os nenos de diferentes aulas poidan convivir de novo durante o recreo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Si se manterán algunhas das medidas do protocolo inicial: será necesaria a ventilación, a limpeza e a desinfección de mans e dos espazos, será obrigatorio o uso de máscaras para o persoal, deberá efectuarse un control adecuado de acceso ao centro de provedores e terceiros, manterase a distancia de seguridade entre traballadores e evitarase coincidir en espazos reducidos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PRIORIZA 45 CONCELLOS GALEGOS PARA RECUPERAR ATA 2.000 HECTÁREAS DE SOUTOS TRADICIONAIS DEICA O ANO 2025 NO MARCO DO PLAN FORESTAL DE GALICIA E DA LEI DE RECUPERACIÓN

- Trátase dos municipios da comunidade que contan con máis de 250 hectáreas de masas de soutos cunha superficie superior a 10 ha, así como os identificados pola Consellería do Medio Rural por teren entidades interesadas na xestión deste tipo de terreos
- As actuacións iranse desenvolvendo atendendo a criterios como a superficie total de soutos, a representatividade dos soutos no concello, as solicitudes de plantación de castiñeiros recibidas na MDI da Consellería do Medio Rural e a inclusión nos plans de tratamento desta árbore, entre outros
- Os resultados desta priorización serán tidos en conta para a posta en marcha de liñas de axudas destinadas a traballos de recoñecemento, identificación e inventariación, así como a tratamentos de recuperación e mellora de soutos
- A Lei de recuperación da terra agraria de Galicia recolle figuras de posta en valor en que pode ter cabida o castiñeiro como as aldeas modelo, os polígonos agroforestais ou as agrupacións e actuacións de xestión conxunta
- A produción de castaña estímase en 20 millóns de quilos en Galicia, o que supón preto duns 50 millóns de euros unha vez comercializado o produto

A Xunta vén de priorizar un total de 45 concellos galegos para recuperar ata 2.000 hectáreas de soutos tradicionais deica o ano 2025, tal e como establece o Plan forestal de Galicia 2021-2040 e atendendo ás figuras de posta en valor que recolle a Lei de recuperación da terra agraria. Así o avaliou hoxe o Goberno galego na súa xuntanza semanal mediante un informe da Consellería do Medio Rural.

Así, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural seleccionou para ditas iniciativas os 41 concellos galegos que contan con máis de 250 hectáreas de masas de soutos cunha superficie superior a 10 ha. Trátase dos municipios da Fonsagrada, Folgoso do Courel, Quiroga, O Incio, Viana do Bolo, Cervantes, Navia de Suarna, Rubiá, Ribas de Sil, O Bolo, A Pobra de Trives, O Barco de Valdeorras, Manzaneda, Becerreá, As Nogais, Baralla, Pedrafita do Cebreiro, Samos, Vilamartín de Valdeorras, A Pobra do Brollón, Riós, San Xoán de Río, Laza, Lalín, Nogueira de Ramuín, Carballeda de Valdeorras, Castro Caldelas, A Pontenova, A Mezquita, Vilardevós, Ribeira de Piquín, A Veiga, Celanova, Parada de Sil, Paradela, Sarria, A Teixeira, Riotorto, Sober, Baleira e Petín.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A eses 41 concellos seleccionados engádenselle outros catro municipios (Monterroso, Monterrei, Vilariño de Conso e A Gudiña) que -malia non cumprir o requisito anterior- contan con entidades interesadas na recuperación de soutos detectadas pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

Unha vez seleccionados os 45 concellos potenciais onde levar a cabo as intervencións, os traballos iranse desenvolvendo atendendo á necesidade de creación de emprego arredor deste recurso, á superficie total de soutos, á representatividade dos soutos nos concellos, ás solicitudes de plantación de castiñeiros recibidas ao abeiro da Manifestación de interese (MDI) da Consellería do Medio Rural publicada este ano e á inclusión nos plans de tratamentos do castiñeiro.

Así mesmo, os resultados desta priorización serán tidos en conta para a posta en marcha de liñas de axudas destinadas a traballos de recoñecemento, identificación e inventariación, así como a tratamentos de recuperación e mellora de soutos.

Cómpre apuntar que a produción de castaña, sobre todo en zonas de alta montaña, estímase en 20 millóns de quilos en Galicia, o que supón preto duns 50 millóns de euros unha vez comercializado este produto.

Plan forestal de Galicia 2021-2040

A 1ª revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica", no caso concreto do castiñeiro, establece diversas actuacións, entre as que se atopa a referida recuperación de soutos tradicionais mediante medidas de rehabilitación que se iniciarán en 2.000 hectáreas entre 2021 e 2025. De cara a 2040, a recuperación prevista abrangue 8.000 ha.

A maiores, o Plan forestal proxecta a creación de novas superficies de soutos para a produción principal de castaña, desde as 3.500 ha no primeiro quinquenio e cun total de 8.000 hectáreas en 20 anos. Así mesmo, aposta por novas superficies de soutos para a produción principal de madeira: 2.000 ha ata o ano 2025 e 8.000 ha deica o horizonte do 2040. Mirando a 2025, tamén se considera ter elaborado ese ano o Plan estratéxico do castiñeiro de Galicia.

Neste contexto, cómpre mencionar tamén a Unidade Técnica do Souto, recentemente creada dentro do Servizo de Saúde e Vitalidade Forestal da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal. O seu obxectivo é coordinar e elaborar actuacións

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

para consolidar estas importantes formacións vexetais dos nosos montes, desde o punto de vista ambiental, socioeconómico e histórico como son os soutos de castiñeiros.

No marco destas medidas, a Xunta persegue, entre outros obxectivos, apoiar o sector viveirista, incrementar a produción de castaña mediante medidas de control sanitario, axudas para a restauración e posta en produción de soutos tradicionais e certificación de variedades de pugas; aumentar a calidade da castaña mediante tratamentos sanitarios, melloras na transferencia de tecnoloxía e priorización de variedades de mellor aptitude; incrementar a superficie de castiñeiro para madeira e mellorar a competitividade das empresas de produción, comercialización e transformación.

Lei de recuperación da terra agraria

Tamén cómpre sinalar que a Lei de recuperación que entrou en vigor o pasado mes de maio recolle o marco xeral para a proxectada posta en valor de soutos tradicionais, xa que se encarga de regular a xestión da terra agroforestal, a súa ordenación de usos, a loita contra o seu abandono e o fomento da súa recuperación, co fin de poñer a producir as terras arestora abandonadas e infrautilizadas e de facilitar a terra a quen a desexe traballar.

Para iso, recolle figuras en que pode ter cabida o castiñeiro como as aldeas modelo - concibidas para recuperar contornas de núcleos de poboación-, os polígonos agroforestais -pensados para mobilizar grandes superficies de terreo- ou as agrupacións e actuacións de xestión conxunta.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA